

FIN DE CURSO 2º Bacharelato 2012-13

Boa tarde

Chegou o momento que tan lonxano parecía. A penas hai uns meses, en setembro, vos dabamos a benvida ao que sería o voso último curso no Sofía. Viñades de facer o primeiro chanzo do bacharelato, e se vos anunciaba un curso intenso, difícil en moitos aspectos, mais superable. Anunciabamos entón que a verdadeira proba está no instituto e estou seguro de que agora sabedes valorar ben o voso e o noso traballo...

O voso progreso é o noso éxito, os vosos avances satisfacen á vosa familia e tamén ao centro. Cada ano recordo que moitos levades aquí dende os 12 anos, entráchedes nenos e nenas e saídes, agora, como os adultos que agora vexo diante.

Hai moito feito, e moito por facer nas vosas vidas. Toca vivir tempos de retos, momentos en que moitos descubren -e outros lembramos- que "as cousas non caen do ceo". Non sendo os bens materiais, penso, o máis importante: logros coma o noso sistema sanitario, o sistema educativo, a asistencia social, non deberían retornar aos eidos da caridade, como moitos os coñecemos hai a penas menos de 40 anos, senón asentarse no campo da equidade e a xustiza social que inspirou a chegada da democracia ao país.

Desafortunadamente os medios e a xustiza estannos a descubrir conductas nada exemplares entre persoas adultas; a maioría da xente ve a necesidade dunha sociedade máis limpa, con líderes e xestores honrados, de prácticas transparentes. De cidadáns con formación e opinión para ser iso, cidadáns e non súbditos, xentes libres e polo tanto difíciles de manipular, capaces de traballar con ledicia pola felicidade propia e pola felicidade común.

Pensaredes quizá que as xeneracións anteriores vos deixamos un pesado fardelo que levar, e non estaredes errados. En conxunto, escola incluída, puidemos facer moitas cousas mellor. Mais tamén debedes lembrar a idea de que “**camiñamos a ombros de xigantes**” Atribúese ao teólogo e filósofo Bernardo de Chartres, quen sobre o ano 1130 expresaba a débeda de toda persoa aos coñecementos dos devanceiros da Humanidade, os máis deles absolutamente anónimos. Sen os logros e os erros das xentes que nos precederon dificilmente poderíamos ter o nivel de coñecementos que posibilitan a organización social, ciencia e tecnoloxía actuais.

Grazas a esas xeracións sacrificadas e esforzadas tivemos moitos, tendes vos, acceso á educación: non o desaproveitemos, somos xentes capaces de tirar para adiante si cremos nas nosas posibilidades.

Gustaríame, en fin, compartir convosco a convicción da necesidade da paixón polo traballo ben feito e da resistencia á adversidade, como recollen con humor galaico os meus dous ditos favoritos. Un é: “**Hai que intentar facer as cousas ben, que mal xa saen soas**”. O outro: “**Todo se acaba, ata o malo**”.

Así que vou ir rematando a miña intevención para dar exemplo. Pero ídesme permitir facervos unha petición e unha confesión. A petición é que queremos saber de vós, voltade por aquí cando podades.

E a confesión é que o voso profesorado foi feliz traballando con e para vós. Xa sei que podemos ser os campións da pesadez intentando conseguir o mellor de vós, pero, desgrazadamente, o ensino non é unha ciencia exacta e o ensinante está condeado a vivir na eterna dúbida de ter acertado ou non co seu alumnado. Espero que co tempo saberedes disculpar os erros e apreciar os acertos.

E unha aperta especial dunha compañeira, María Ajuria, que se traslada a un centro de Madrid, así como dos compañeiros e compañeiras Mabel, Fina Alfonsín, Jorge Mejuto, Paco Oca, José Manuel Paz, Manolo Quintana e eu mesmo, que este ano rematamos a nosa xa longa vida profesional. Foi un pracer traballar para vós e xa formades parte da nosa memoria.

Grazas

O director

Juan Rodríguez Silvar